

Abstracción e mito. Traxectos de Rafael Dieste por tres continentes e dúas guerras (1917-1936)

ARTURO CASAS

Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Na produción textual de Rafael Dieste non se dá un correlato directo entre as experiencias da viaxe e o mundo referido nos relatos, ensaios ou pezas dramáticas. Isto é así malia o feito biográfico de que o autor foi un dos escritores da súa xeración que máis viaxou. Entre a emigración a México en 1917 e a sublevación militar de 1936, Dieste percorreu distintas xeografías en América, África e Europa. Participou ademais, desde 1933, no programa das Misións Pedagóxicas, alicerzado na itinerancia dos intelectuais mozos para procurar unha interacción social e cultural que integrase o campesiñado na cidadanía republicana e o liberase da dominación histórica padecida. Dieste non relatou directamente estes periplos e regresos pero si os integrou na súa obra literaria mediante o recurso ao mito e a diversos procedementos de abstracción formal, cun operativo temático-tropolóxico que puxo en práctica con especial rendemento n' *A fiestra valdeira* a propósito de certos debates estéticos, culturais e sociais nos que participou en primeira liña nos anos 20.

Palabras chave

Rafael Dieste, diálogo, guerra, mito, historia, esfera pública.

Rara é a vez que chego ao lugar onde vou
Sterne, *Unha viaxe sentimental*

1. A modo de semblanza

Rafael Dieste (1899-1981, no exilio entre 1939 e 1961) foi a antítese do home unidimensional. Xornalista, ensaísta e editor; filósofo, matemático e profesor universitario de literatura; crítico de arte, asesor museístico e teórico das vangardas históricas na Galiza dos anos 20; publicista e politólogo, cunha interesante comprensión do liberalismo a partir de prismas ético-estéticos e unha análise posteriormente centrada no materialismo histórico e na posibilidade dun diálogo co idealismo e cos sistemas de pensamento herdeiros das posicións ilustradas; narrador, poeta e *home de teatro* no sentido máis amplo desta expresión... Este conglomerado vitalmente asumido como totalidade sumouse a unha curiosidade insaciábel e a unha boa predisposición para as artes, pois foi pianista e debuxante ademais de escritor. Na infancia e na xuventude, os contactos de amizade con ambientes institucionistas ligados á burguesía médica compostelá fundamentaron nel un modo de ser e de intervir que atoparía o itinerario máis propicio no programa social das Misións Pedagóxicas da Segunda República, ón histórica que marcou fundamente a súa personalidade política e intelectual e en relación coa cal el mesmo deseñara –na columna que asinaba en *El Pueblo Gallego*– un desenvolvemento parangonábel, estritamente referido a Galiza.

O título considerado para estas reflexións está suxerido polo feito de que en maio de 1936 Dieste publicou na Editorial Signo de Madrid, co apoio de Pedro Salinas, un ensaio revelador do momento histórico que intuía e que ía alén da complexa situación que experimentaba a República, por ser o seu horizonte máis ben europeo. *La vieja piel del mundo*, escrito en París só uns meses antes, trazaba en efecto a figura da historia inscribíndoa no recadro do mito e da súa pervivencia nos imaxinarios sociais e na propia cosmovisión asumida pola modernidade. O libro permanecía sen distribuír nos almacéns da editora en Rosales cando un bombardeo da aviación fascista acabou con case toda a tirada. Eran probablemente os últimos días daquel verán, pouco despois do inicio das hostilidades aéreas sistemáticas sobre Madrid, propiciadas polo control dos Heinkel e os Junkers recién cedidos por Hitler a Franco.

Dieste estivera traballando até moi pouco antes do 18 de xullo nunha das misións pedagóxicas nas que viña participando desde comezos de 1933. Fixérao en concreto no Pirineo aragonés, en compañía da súa esposa Carmen Muñoz e de Lorenzo Varela entre outros camaradas. Pode dicirse que os tres salvaron a vida de maneira casual,

pois toda aquela zona caeu en mans dos sublevados nos primeiros momentos da guerra. A fortuna quixo que o Padroado de Misións os reclamase para acudir a á capital do Estado só uns días antes. A propósito do tema que tratamos, é importante ter presentes acontecementos como estes lembrados de forma sucinta. Palabras como *misión, pobo, conflito, arte, coñecemento e diálogo* son as seis facianas posíbeis dun dado que o azar lanzou sobre a mesa en numerosas vicisitudes da traxectoria vital, intelectual e política de Rafael Dieste e doutros que como el entenderon que o programa social da Segunda República debía comezar pola educación e pola igualdade.

Esta concentración nas condicións de vida dos esquecidos e na colaboración no seu rescate social a partir da cultura e da dignidade civil non foi en detrimento do feito constatábel de que o rianxeiro foi un dos membros da súa xeración que máis viaxou, que máis camiños andou dentro e fóra da Península, antes de emprender a marcha ao exilio, en febreiro de 1939. Como mínimo, este sería o mapa das súas saídas antes desa data: México, Cuba, o Protectorado de Marrocos, Reino Unido, Francia, Bélxica, Países Baixos e Italia. Porén, o certo é que sobre calquera plasmación diexética e referencial desas viaxes, ou das interiores por Galiza e por España, dominan outras dimensións, subordinadas todas no meu criterio a aquel prisma de seis caras. Neste sentido, hai que lembrar que a súa foi e quixo ser unha obra *de intervención pública*, non dirixista nin didáctica pero si marcada polo propósito de indagar e amosar alternativas que os personaxes por el creados se ven na obriga de dirimir, máis nun eido reflexivo que emocional, para finalmente optar por unha solución. Isto é así na produción farsesca inmediatamente anterior á Guerra Civil, nas obras para títeres en pleno conflito bélico e tamén nas pezas dramáticas ou narrativas polas que Dieste ten un posto na historia literaria galega e española. O particular do caso, sabémolo por confesión autorial, é que a maior parte deses problemas e alternativas foron na súa raíz vivencias e dúbidas íntimas que nalgún modo interpretaba como trasunto de dilemas históricos en distinta escala (a galega, a hispánica, a mundial). Localízanse esas coordenadas problematizadoras por exemplo na comedia *A fiestra valdeira* (1927), pero tamén en *Viaje y fin de don Frontán*, a traxedia publicada en 1930, no libro de relatos *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943), ou mesmo en ensaios como *El alma y el espejo*, tamén do exilio (1948). Aparece incluso esa dimensión, con pulo vertebrador, na súa poesía. E ocorre con frecuencia que esas referencias mencionadas se entrecruzan nalgunha medida coas viaxe, ou máis ben coa *idea da viaxe*, coa tematización do que iso signifique.

De feito en Dieste o tema literario da viaxe posúe case sempre unha dimensión ontoloxizada, abstracta ou como mínimo simbólica, antes que sinxelamente referencial ou autobiográfica. Non parece casual a este respecto, o subtítulo dun dos seus libros

xeométricos, *Movilidad y semejanza* (1967), case unha paráfrase conceptual do tema que vertebrara en 1933 o libro de poemas *Rojo farol amante*. Pero no autor, ademais da vocación socio-pedagóxica, hai outra á que nunca renunciou: a de actuar, el mesmo ou mediante algún trasunto ficcionalizado, como mediador entre posicións non coincidentes. Dieste non foi persoa sectaria pero tampouco militou nunca en causas que non lle parecesen suficientemente amplas. Interveu no espazo galeguista durante a ditadura de Primo de Rivera pero nunca se veu a si propio (nin foi visto) como nacionalista. Interveu na fundación e na dirección de proxectos propios da esquerda antes e despois da Guerra Civil pero dificilmente poderíamos considerar a Dieste marxista¹ ou comunista. Unha parte non insignificante dos seus amigos máis próximos militaron de feito no POUM trotskista e algúns sufreron represalias serias non só de parte do bando nacional senón tamén desde o aparato estalinista.

O xa citado ensaio *La vieja piel del mundo*, en orixe unha reinterpretación do tratado por Nietzsche a propósito do nacemento en Grecia da traxedia, defende a idea de que a traxedia foi en realidade o resultado da dialéctica entre a historia universal e o destino persoal, non por tanto entre os principios apolíneo e dionisiaco, como postulara o filósofo alemán. O lugar que este concedera a Dionisos pasaba a ser ocupado na reflexión diesteana por Hermes. Fixémonos: Hermes, o mensaxeiro, o mediador, quen anda sen pausa dun lado para outro con diversas finalidades, incluída a de promover o recoñecemento mutuo. De aí que en Hermes se represente a capacidade de interpretar e tamén a de traducir. Teño defendido en numerosas ocasións que a característica máis relevante da personalidade de Dieste foi xusto esta mesma: a de ser un activador do diálogo e un militante contra a exclusión. Por iso mesmo, nun sentido que espero non se vexa como grandilocuente, podería dicirse que nel a viaxe foi case sempre unha viaxe ao outro, aos outros, á alteridade. Tratarei de ilustralo con algún detalle, pero antes serán de utilidade algunhas outras consideracións xerais.

2. Unha dobre tematización: as viaxes e os regresos

En principio, na obra de Dieste non creo que se poida nin se deba entender nada como «relato de viaxe» ou «literatura de viaxe». Cando menos se aplicamos o concepto, sempre algo proteico e metamórfico (Albuquerque García 2011), con algunha clase

¹ Na perspectiva do tempo transcorrido sería máis doado relacionar o seu pensamento coa teoría crítica e co pensamento posmarxista, en particular co fundamentado en Gramsci e no materialismo cultural para entender que o conflito é consubstancial á realidade social contemporánea e que o reto consiste en localizar unha política que o integre e incluso o potencie como fundamento de pluralidade e de democracia.

de xerarquización sobre outras modalidades. Porén, por paradoxal que poida parecer, case ningún texto dos debidos a el é alleo á realidade e á efectividade da viaxe. Alén de que o seu vasto epistolario (Dieste 1995: V) admita ser lido a esta luz como un enorme mural de ausencias, o certo é que a viaxe e sobre todo *os regresos* e as consecuencias multiplicadas dunhas e doutros aparecen tematizados con reiteración na súa produción narrativa, poética e dramática, tamén na ensaística. Comparece igualmente no conxunto da súa obra o que se pode anotar como indagación das causas da marcha, das motivacións que levan a que un certo personaxe se ausente ou fuxa, do abandono –novamente cun sentido conceptual e abstracto, en certo modo barroco. Resulta isto moi perceptíbel, até o punto de ser paradigmático, na traxedia *Viaje y fin de Don Frontán*, orixinalmente escrita tamén en París, como *La vieja piel del mundo*, nunha versión en lingua galega ano e medio anterior á escrita en castelán que en 1930 lle publicarían Luís Seoane e Arturo Cuadrado na Editorial Niké, en Compostela.

Resulta, pois, que malia todas as experiencias acumuladas (emigración, guerra, viaxes de estudos, misións pedagóxicas, teatro e guiñol itinerantes...), Dieste non mostra interese por ofrecelas ou interpretalas en forma de relato: non hai unha narrativa referida a lugares ou periplos concretos constituídos eles mesmos en centro de atención. En todo caso, e coa excepción dalgún poema vinculado por certo ao labor socio-pedagóxico, como «Después de nieve doctora», semellaría que Dieste estivo disposto a utilizar os *lugares alleos* máis como espazo propicio á autoanálise e ao coñecemento interpersonal que como outra cousa. Non existe de feito un libro nin un texto da súa autoría que recolla unha viaxe concreta ou as vivencias a ela asociadas. É significativa ao respecto unha frase dunha carta, enviada o 20 de agosto de 1933 desde Allariz ao seu irmán Eduardo, na que postula que a arte e toda viaxe que aspire a ser algo máis que un simple trasladarse comparten como condición previa a comunicabilidade dos mundos (1995: V, 58).

Segundo iremos vendo, esta frase ten un sentido moito máis profundo do que a primeira vista poida parecer, pois resulta innegábel –segundo o adiantado– que a comunicabilidade entre mundos, individuos, crenzas, ideoloxías e mentalidades foi o obxectivo principal de Rafael Dieste como intelectual. Ese foi en definitiva o seu compromiso e ese foi o seu legado fundamental, formulábel tamén como un chamamento á unidade e contra o sectarismo cando as metas se comparten. Vistas así as cousas ten tamén unha connotación especial un título como o que o biógrafo do escritor, Luís Rei Núñez, empregou en 1987 como antetítulo da biografía que publicaba: *a travesía dun século* ten, por conseguinte, tamén o significado dunha longa viaxe entre a discordia e os totalitarismos que fixeron do século XX, das súas grandes guerras e dos terríbeis xenocidios, unha das etapas máis ominosas na historia da humanidade.

Ningunha das referencias ás viaxes esquematizadas ou bosquexadas por Dieste na súa produción textual ten moito a ver coas funcións tradicionalmente asignadas ao relato de viaxes, entre as vellas periéxeses e as viaxes imaxinarias. Non se detectará unha antropoloxización nin unha exotización do estraño, non hai un plan cronolóxico-diexético de base, non comparece tampouco o que, desde unha perspectiva imagolóxica, Albert Meier (2007) describe como a organización da diferenza á que toda escritura de viaxes acaba por se acoller nalgún modo, que por suposto está máis que presente no modelo representábel con *Mitteleuropa*, a obra que Vicente Risco publicou en *Nós* en sucesivas entregas no ano 1934. Isto quizais sexa así porque máis que tematizar a viaxe o que fai Dieste é tematizar o regreso ou, en todo caso, a condición dunha itinerancia conceptual, semellante á que é propia da navegación de altura. Pensemos que isto acontece nun escritor que durante os primeiros anos do seu exilio bonaerense, obviamente *pro pane lucrando*, dedicou un tempo da súa xornada laboral á adaptación para a Editorial Atlántida de clásicos da literatura universal como Jonathan Swift ou Alphonse Daudet, entre outros. Aínda que non se teña comentado en exceso entre os especialistas, o rianxeiro asinou co pseudónimo *J. de Plasencia*, en 1942 e 1946, versións en castelán de libros tan radicados na ideación e na materialización da viaxe como *Gulliver's Travels* e *Tartarin de Tarascon*.

A viaxe en Dieste, polo menos até os anos 40, radicado xa nese Buenos Aires do exilio, tivo máis que ver con obrigas ou con algunha clase de deber moral (*a misión*) que con outra clase de motivacións. E inclúo aí a primeira viaxe, en 1917, a México e accidentalmente tamén a Cuba, un periplo talvez destinado a probarse, a coñecerse, acaso simplemente a ausentarse² ou a afastarse da infancia; pero con aparencia de estar a seguir tamén unha forma de mandato interior, tráxico nalgunha medida. Por todo isto, cabe postular unha representatividade que trataremos de describir e analizar. Unha representatividade dun tempo histórico e dunhas circunstancias que o escritor compartiu con outros intelectuais galegos, españois e europeos daquela mesma hora e na que o azar acabou por reescribir unha palabra única nas seis caras daquel dado tarabelo. Non outra que *guerra*.

Do até aquí indicado non debéra inferirse que os recordos e as circunstancias dunha vida nada sedentaria estean ausentes dos relatos, a obra dramática e os ensaios do autor. Diríase aínda que as viaxes, o movemento, a mudanza e a itinerancia están por todas partes como elemento referido das historias postas en discurso. Constitúen a miúdo un substrato ou acaso un enxerto, procedentes sen dúbida da propia peripecia

² Este foi un patrón bastante corrente na narrativa da época, segundo por exemplo sinala Helen Carr (2002: 83) en relación coa novelística inglesa.

vital dun home que entre as dúas guerras nas que participou –por conseguinte no lapso de trece anos que vai de 1923 a 1936– nunca chegou a vivir con continuidade superior aos doce meses en ningún sitio.

Localízanse por suposto as viaxes nunha peza dramática como *A fiestra valdeira*, na que todo acontece nunha sala da casa dun emigrante que fixo fortuna no Brasil e acabou voltando á vila mariñeira da que marchara. Están, aínda que propiamente non *figuren* máis que nos relatos referidos nos diálogos ou nas descrições feitas desde a ventá, ao vello xeito das traxedias gregas. Outro tanto se observará, con outras condicións diexéticas, nun bo feixe dos contos reunidos en *Dos arquivos do trasno*, onde aparentemente todo transcorre –por así dicilo– en Rianxo e o seu contorno, aínda que en realidade o mundo referido está entrenzado de referencias múltiples á emigración, á guerra e ás ausencias.

Así, por exemplo, a vella Lusca (a vella Resenda nas edicións posteriores á orixinal) espera polo seu fillo Tonín (Andrés, a partir da segunda edición), que marchou a terras de Mouramia, á guerra suponse³, aínda que tal palabra non se mencione en ningún momento. O conto titúlase precisamente «A volta» e para entender os procedementos escriturais diesteanos a propósito do até aquí argumentado resulta paradigmático. Por que razón? No básico, polo xeito no que esquiva a referencia directa aos episodios bélicos ou propiamente á guerra como relato ou escenario. É moi interesante, porque Dieste resolve estilística e tematicamente o problema de forma homóloga a como o fará en 1943 cando, tras o horror da guerra antifascista en España, e en plena Segunda Guerra Mundial, escribe en Buenos Aires da forma na que o fai as *Historias e invenciones de Félix Muriel*. É xeral nos panoramas sobre a narrativa de posguerra española indicar a excepcionalidade dun libro no que a guerra non está presente a pesar do vivido poucos anos antes polo autor. Agora só pretendo chamar a atención sobre o feito de que Dieste xa traballara con patróns análogos tras a súa primeira experiencia bélica. Comprobémolo. Na edición orixinal de *Dos arquivos do trasno* (1926: 17) lemos apenas isto:

Longos anos pasaran. Aínda traballaba o vello cando o mozo lanzal, regalía d'a casa, fora levado a terras de mouramia. En riola foran levados moitos varudos mozos, e todos, menos un, foran volvendo. N'os ollos un rebrilo de rencores. A face retostada. ¿E o seu fillo, Tonín, onde o deixaran? Os mozos non souberon dar mais que respostas enliadas.

³ Na primeira versión deste relato, escrita en castelán en México no ano 1917, falábase dunha nai que esperaba polo fillo emigrado a Buenos Aires. O título é «La alucinada» (Dieste 1995: I, 363-365).

Na edición definitiva, que tomo das *Obras Completas* (1995: I, 131), a solución, máis elaborada e tamén menos concentrada –como adoito na totalidade dos procesos de reescritura do autor– é a seguinte:

Aínda traballaba o vello cando o mozo lanzal, seu Andresiño, regalía da casa, fora en grea con outros, mordendo un carabel, a terras de Mouramia. Pouco soberan dicir dele os outros. Sí, vírano por alá. Mais, tende en conta... Alá non é coma eiquí. Milleiros e milleiros de homes, unha romaxe tremendísima. Uns a iren pra adiante, outros a esligar coa sede nun curuto, ou convoando os bastimentos... ¿Quen fala de morte? Saberíase.

É doado establecer unha conexión coas vivencias e recordos do propio Dieste naqueles escenarios da guerra colonial no Rif, en especial se temos presente unha carta ao seu irmán Antonio datada en Melilla o 24 de agosto de 1921 (Dieste 1995: V, 49):

La artillería y los aeroplanos bombardean el Gurugú [monte da Serra de Nador, moi próximo a Melilla] con gran estruendo. Ayer estaba una magnífica tarde de sol y de brisa y el espectáculo del bombardeo parecía cosa tan regocijada que un quinto me dijo: —Esto é unha romería.

Evidénciase no contraste entre estes dous últimos segmentos textuais un procedemento mitobiográfico mercé ao cal se sublima a experiencia nunha orde mítica, xusto alí onde o logos alcanzou o límite da eficacia (Madelénat 2005: 57). O bombardeo contemplado e os movementos das tropas vistos de lonxe son percibidos –desfigurados– como un espectáculo festivo por mor da sinrazón dunha política africanista anacrónica e inxusta⁴. Desta forma, o autor retira do discurso un *eu* que podería resultar excesivo na exposición. Faino con operativos obxectivadores e distanciadores máis propios do modernismo anglosaxón que da outra vertente adoito considerada para explicar a poética narrativa de *Dos arquivos do trasno*, a vinculada ao conto tradicional, con certeza moito menos perceptíbel no *Félix Muriel* ou en *La Isla*, malia tampouco faltar. Pero regresemos a outros exemplos do libro nos que mitemas como o da *viaxe-aprendizaxe* e o do *home novo* aparecen reformulados mediante a focalización do regreso e o conflito subsecuente que agroma –en condición máis ou menos extremas, aínda que

⁴ Nunha carta a Manuel Antonio, escrita en Dar Drius dous anos despois, o 18 de agosto de 1923, escribe Dieste: «¿Qué queres que che diga de África? Sol, moito sol, barracas derrengadas, trompetas, camións, fantásticas polveiradas y-alá lonxe unha grotesca perspetiva de guiñol: ministros que caen, ministros que suben, discursos...» (Dieste 1995: V, 53).

con moita marxe para a ironía perspectivista e o humor– co contraste entre as sensibilidade respectivas de quen marchou e dos que ficaron.

O protagonista do relato «De cómo se condanó o Ramires» constitúe un bo exemplo. Ramires é un indiano que botou vinte anos nunha provincia do noroeste arxentino, onde tivo tempo para facer un capital e cultivarse intelectual e politicamente. Tras regresar, discute con autoridade sobre asuntos diversos cos máis letrados da aldea, pero a enfermidade que trae de Catamarca avanza e o narrador preséntao agonizando. Sobre o cabezal da súa cama non hai crucifixo ningún senón unha fotografía do pedagogo anarquista Ferrer i Guàrdia. Arredor do leito, a dona e os fillos; no corredor outras mulleres; e indo e vindo, entre as alucinacións e os recordos do Ramires, xentes entrevistas e a figuración de deus e duns demos. Un crego e o seu sancristán teiman en convencelo para que transixa coa confesión antes de morrer. Semella que á última o indiano vai ceder e por tanto, que, ante a proximidade da morte e a abafante presión da tradición cultural á que sen dúbida pertence, renunciará *por fin* ás súas conviccións libertarias. Pero co derradeiro estertor ergue outravolta a súa «circia vontade heirética» e proclama: «¡Non, e non!» (1995: I, 129). Máis unha vez, por tanto, Dieste utiliza o referente da viaxe como trasfondo non exposto de xeito directo que serve para redimensionar unha situación e un personaxe, neste caso un home que na emigración conseguira liberarse de supersticións relixiosas para regresar sendo outro.

Unha formulación narrativa e figurativa non desemellante comparece noutros contos da serie. Entre eles, «O Vello Moreno», «O grandor do mundo», «Nova York é noso» e «Na ponte de ferro»⁵. Este último ofrece outra mostra dese peculiar engarce diesteano entre o biográfico e o ficcional, pois é obvio que malia non indicarse de maneira explícita o escenario é Tampico, a cidade portuaria do Golfo de México á que Dieste fixo a súa primeira viaxe longa, antes de cumprir a maioría de idade. E outro tanto pasa con «Aquel home afeito a viaxar...», fabulación publicada o 20 de abril de 1927 en *El Pueblo Gallego* e non incorporada á segunda edición de *Dos arquivos do trasno*⁶

⁵ Casos algo distintos parecen outros relatos igualmente atractivos para unha análise desde a perspectiva das viaxes efectuadas e as súas condicións e resultados: «O caso dos tres fornos», «O vagamundo», «Once mil novecentos vinte e seis» e aínda, nunha dimensión claramente simbólica, «O drama do cabalo de axedrez».

⁶ Nin tampoco ao apéndice de catro contos co que saíra un mes antes, en marzo, *A fiestra valdeira* («O neno suicida», «Na morte de Estrelaña», «O grandor do mundo» e «Espanto de nenos»). Neste caso a referencia biográfica vincúlase co regreso de Dieste a Galiza. Máis en concreto coa corentena a que o buque no que viaxaba foi sometido na Habana como consecuencia da alarma provocada pola pandemia de gripe do ano 1918. O texto compilouse en *Antre a terra e o ceo* (Dieste 1981: 200-202).

malia poder encaixarse sen problema no libro e concordar coa poética narrativa desenvolvida no seu célebre «Limiar». De todos modos, sen saírmos deste plano, resulta máis relevante aínda o que acontece con *A fiestra valdeira*. Ante todo porque a idea da viaxe –verémolo– cobra unha dimensión non só estruturante senón tamén semántica e até performativa.

Na comedia en tres lances de Dieste son numerosos os elementos temáticos combinados. Para o que agora indagaremos interesan como mínimo estes dous: a consideración sobre o xeito no que a representación artística se corresponde e media co seu referente (don Miguel, por caso; pero tamén a vila toda, e os mariñeiros que quedaron nela e non emigraron, e as súas historias respectivas, e a historia de todos, e a realidade...) e a integración da experiencia estética en canto acto comunicativo e cognoscitivo. Falamos por conseguinte da avaliación do *patrón mímese* como criterio artístico e cultural e, noutro plano, do vínculo entre produción e recepción artísticas e da posibilidade de que a arte permita un acceso ao coñecemento.

Non deba perderse de vista que eses que se mencionan son parte principal do conxunto de elementos problematizados por Maside e os demais artistas do movemento renovador da plástica galega naquela altura, todos eles en diálogo co propio Dieste, sinalado como teórico do grupo. O autor dramático logra nesta peza que esa dimensión técnica do debate sobre a pintura quede revestida e socializada mediante o uso dunha linguaxe paralela á propia da teorización estética. Isto é tan certo como que n'*A fiestra valdeira* comparecen *camuflados* como paroladas amicais ou discusións familiares e domésticas algúns dos temas centrais da estética moderna nas súas vertentes ontolóxica, epistemolóxica, antropolóxica e semiótica. Por exemplo, as nocións de verdade, aparencia, desvelamento (*aletheia*), interpretación, empatía, conciencia, valor, gusto, intersubxectividade, xogo, autonomía/heteronomía, forma, sistema, totalidade, linguaxe, celebración, catarse/distanciamento e algunhas outras. De modo que coa teorización crítica de fondo derivada dos debates con Carlos Maside e con Antonio Medal (posteriormente tamén con Colmeiro, Seoane, Souto e outros) Dieste convocaba nunha comedia supostamente *popular* e *liviá* nada menos que a fenomenoloxía e a *Gestalt*, o pensamento estético de Heidegger e o de Scheler, as ideas de Croce, Ortega, Viqueira e Castelao. Por se persiste algunha dúbida ou o que digo parecer esaxerado, límitome a lembrar o primeiro parlamento da peza. Fala don Miguel, contemplando o retrato que lle está a facer o pintor Antonio (Dieste 1927: 9):

Paréceme, Baldomero, que o pintor vaime enxergando moi ben a fasquía. Os pintores son o demo. Xente fina que moi finamente atrápalle a un o seu ser propio e déixao fondeado para sempre entre as catro liñas do marco.

Todo o anterior e ben interesante pero carecería de sentido mencionalo aquí se non fose por aquel elemento de base, estruturante na súa vertente simbólica, omnipresente no plano semántico-temático e performativo pola esixencia política lanzada implicitamente aos espectadores. Tal elemento de base non é outro que a identidade —«¡Son eu!» (Dieste 1927: 10), engadirá deseguida don Miguel ollando o retrato e ollándose a si propio. A identidade individual e mais a colectiva. A persoal e íntima e a socialmente negociada como común, compartida. Desa identidade, ademais, o que importa é a súa posta en linguaxe, en forma, en discurso. Pictóricos e tamén escénicos, pois non debe obviarse que aquí se está a falar de teatro e por tanto dun público. Acontece, sobre esas coordenadas de problematización da identidade, que esta se debate xusto a propósito de alguén que se ausentou e que regresou tras moitos anos. Que voltou... cambiado. C cambiado desde logo a ollos dos seus vellos coñecidos e amigos, os que quedaron na vila, no espazo e no tempo histórico da vila. A mudanza aparentemente ten apenas unha faceta social, consistente na simple falta de concordancia entre o que uns cren ser e o que outros cren/saben que aqueles son. De inicio, don Miguel e a súa familia vense dunha maneira (autoimaxe) e o pobo velos doutra (heteroimaxe). A solución ao conflito virá dada pola sublimación da razón cultural e popular: o pobo *sabe* definitivamente quen é cada quen⁷. Sen dúbida, esta é unha forma plausíbel de ler a comedia, pero non por iso resultaría ilexítimo explorar lecturas alternativas. E unha delas, non obrigadamente equiparábel a unha defensa da alienación cultural ou social, viría dada pola idea de renuncia. A dos que se foron. A de don Miguel a mudar a súa forma de ser e de estar, de sentirse e de recoñecerse en relación coa comunidade de orixe.

Se hai ou non hai neste aspecto unha nova correspondencia mitobiográfica, isto é, se Dieste nalgún sentido precisa do mito para contar quen é (*quen cre que é*), se está a retratar a súa relación co país e coa cultura propia é asunto que non podo abordar neste lugar. En todo caso, trátase dunha exploración que resultaría moito máis interesante no plano estético (polas conexións co simbolismo da peza) que no ideolóxico, pois incluso aceptando os supostos indicados creo que o autor e o cidadán Rafael Dieste experimentaron maior atracción por ese tipo de problemas na abstracción eidética

⁷ Apenas un complemento mínimo. Á marxe da entidade moral e política da decisión sobre ese problema de discordancia sociocultural, nun sentido estritamente lóxico (non ideolóxico) é obvio que unha solución distinta, tamén lexítima se así se pactase, podería ser que a comunidade (o pobo) recoñecese o dereito dun dos seus membros a cambiar; recoñecese, en suma, que cando un individuo ten experiencias non previstas pola cultura de procedencia, cando vive outra vida fóra do ámbito onde desenvolveu a traxectoria persoal de orixe, é normal que se recoñeza a si mesmo como *outro* a respecto da propia comunidade, o cal equivale a aceptar que a identidade individual é procesual e nunca está perfilada nin rematada.

e formal que na concreción histórica. Ora ben, resulta innegábel que esa percepción foi moi persoal e que non resultou refrendada desde unha discursividade identitaria nin desde o galeguismo máis ortodoxo, que adoito sinalou en Dieste –a expresión corresponde a Risco– un espírito *hipercrítico*. Concordo a este respecto coa atribución funcional que Carme Fernández Pérez-Sanjulián (2006) adxudica á literatura de viaxes no marco da emerxencia cultural dos anos vinte e trinta do pasado século. En efecto, propostas como as que analiza a propósito de Otero Pedrayo (*Pelerinaxes*, 1929), Risco (*Mitteleuropa*, 1934) e Castelao (*As cruces de pedra na Bretaña*, 1930) evidencian un vínculo forte cunha discursividade fundacional que obtén gran rendemento sociocultural da hibridación entre a ficcionalización dos referentes e un modo ensaístico posto ao servizo da cohesión simbólico-identitaria. Nada disto exclúe a referencia a diversas formas de alteridade, como mostran sobre todo Risco e Castelao; nin tampouco un subliñado do que a viaxe ten de descuberta e revelación, máis ao gusto oteriano. Pero é claro que o engarce da poética dramática e da simbolización da dialéctica identidade-alteridade en Dieste, en particular na súa comedia de 1927, non ten encaixe doado nin inmediato cos procedementos e funcionalidades que Fernández Pérez-Sanjulián describe.

3. No camiño

É doado entender que as misións/viaxes pedagóxicas republicanas foron unha experiencia conformadora da personalidade dos que as desenvolveron e tamén a fonte da que manaron algunhas das relacións persoais máis importantes na súa vida futura. A pedagogía de fondo, lonxe de ter un carácter proteccionista ou directivo, aspiraba a coadxuvar á complexísima tarefa de lograr que a España rural, a máis pobre e afastada dos centros urbanos, accedese en plenitude de dereitos á condición de cidadanía. Dieste puxo nese contexto xeral unha nota de singularidade pola súa convicción de que os misioneiros republicanos non só impartían cultura e saberes prácticos (de tipo sanitario, técnico ou similar) senón que acudían a aqueles lugares perdidos como aprendices de todo o que a sabedoría popular atesourara ao longo dos séculos. Hai nesta actitude algo do que Jacques Rancière describe como *o mestre ignorante*, retomando vellas ideas do pedagogo de principios do século XIX Joseph Jacotot. A chave consistía, en efecto, en saber equipararse cos destinatarios duns coñecementos e capacidades que se aspiraba non tanto a transmitir como a intercambiar e compartir, sempre coa mirada posta na emancipación e no desenvolvemento social e económico. Nunha memoria presentada a comezos de 1936 a Fernando de los Ríos, contando co apoio explícito de Carmen Muñoz, María Zambrano, Antonio Sánchez Barbudo e outros, Dieste describía a conveniencia de lograr que as xuventudes participantes nas Misións

–futuros cadros dirixentes do país– convertesen o seu voluntariado social nun compromiso co coñecemento dos problemas reais da poboación máis desfavorecida, para o cal demandaba que os esforzos orzamentarios do Estado se incrementasen nas partidas correspondentes.

Dieste tomou parte activa nas Misións Pedagóxicas en dous momentos distintos. O primeiro comezou en xaneiro de 1933 e rematou no verán de 1934. O segundo localízase xa con maior brevidade no ano 1936, de maneira que o escritor sorteou as enormes dificultades económicas que sufriu o Patronato de Misiones durante o exercicio do ano 1935, cando o goberno da CEDA o deixou sen a asignación que o Ministerio de Instrucción Pública lle viña adxudicando (algo menos de medio millón de pesetas no ano 1931 e en torno a tres cuartos de millón a partir de entón). A entrada de Dieste nas Misións derivara dunha conversa con Pedro Salinas, quen dirixía a Sección de Literatura Contemporánea da Junta para Ampliación de Estudios. A vontade de Dieste, moi en liña con actividades que desenvolvera en Galiza nos anos 20 e que estaban relativamente próximas das tarefas do Seminario de Estudos Galegos, era a de alcanzar unha bolsa de estudos para a investigación da fala e das tradicións populares no interior de España. Lembremos que ncolumna publicada no xornal *El Pueblo Gallego* 22 de xaneiro de 1927, baixo o título de «Primeiro discurso aos estudantes», Dieste presentara un esquema de actuación, un *programa* como el mesmo o definía, absolutamente concordante co que a República poría en marcha catro anos despois. Exponse na columna periodística que o traballo que afrontaba a carón doutros compañeiros –probabelmente o institucionista *Roxerius* Otero Espasandín fosen os máis activos– era a prol dunha posta en contacto do campesiñado coas futuras elites directoras da sociedade a fin de inducir unha *axuda mutua* (Dieste 1981: 146-148).

O caso é que naquela entrevista de finais de 1932 Salinas expónlle a Dieste que entre os cometidos da Junta non figuraba a clase de axudas que el solicitaba pero que as Misións poderían satisfacer en parte o que estaba a procurar. Así, tras se entrevistar con Manuel Bartolomé Cossío, o escritor tomou unha decisión positiva e en xaneiro de 1933 participou xa con Antonio Sánchez Barbudo e María Zambrano nunha misión en terras alavesas. No ano e medio desa primeira xeira a vida de Dieste cambiou notabelmente. Viaxou por toda a Península. Asumiu diversas responsabilidades, como a de dirixir o Teatro Guiñol de Misiones e a de encargarse colexiadamente con Ramón Gaya, Luis Cernuda e Sánchez Barbudo da coordinación do Museo del Pueblo, a través do cal chegaban ás vilas e cabeceiras de partido as gravuras de Goya e reproducións das grandes obras da pintura española presentes no Museo del Prado, estas últimas en número dunha quincena e grazas ás copias realizadas por colaboradores como o propio Gaya, Eduardo Vicente e outros. Ademais colaborou estreitamente

con José Val del Omar en varias ordes, entre elas como guionista de curtametraxes. Sábese que houbo unha sobre Santiago de Compostela, hoxe perdida. Froito probábel desa experiencia cinematográfica e do oficio gañado foi a escrita a finais de 1934, estando xa en Amberes, dun guión para cinema a partir dun texto previo da autoría do seu irmán Eduardo, ou aínda as previsións de colaboración nese mesmo eido con Carlos Velo e co propio Cossío polo ano 1935, por tanto durante os derradeiros meses da vida deste último. Pero, ademais, Rafael Dieste dirixiu nese tempo o grupo de teatro *El Torreón*, co que colaboraron Granell, Lorenzo Varela e Arturo Souto; participou na publicación da revista *Hoja literaria*, xunto con Sánchez Barbudo, Enrique Azcoaga e Arturo Serrano Plaja; compilou nun libro as farsas escritas expresamente para a representación en Misiones, titulado *Quebranto de doña Luparia y otras farsas*, nas que como xa acontecía co *Don Frontán* moi significativos os mitos revisitados e reconfigurados, varios deles asociados á imaxe de quen emprende o camiño (Edipo, don Juan e o peregrino, entre outros) ou ao mundo da *comme-dia dell'ar-te*; tras casar coa inspectora de ensino e misioneira extremeña Carmen Muñoz, emprendeu na súa compañía viaxe a Francia, Bélxica e outros destinos para estudar as novas correntes escenográficas que se estaban a experimentar nos teatros de Europa⁸; e, en fin, enviou crónicas sobre pintura e estética á revista *P.A.N.*, auspiciada en Madrid polo seu irmán Eduardo e dirixida por Otero Espasandín.

Entre todas as misións que Dieste emprendeu nesta primeira etapa a máis longa foi a galega, uns catro meses nos que tivo ocasión de coñecer persoas de tanta relevancia posterior no país como Ramón Piñeiro, Lorenzo Varela ou Ánxel Fole. Esa misión, que comezou o día 13 de agosto en Xinzo de Limia, formouse co equipo seguinte: Dieste, Otero Espasandín, Serrano Plaja, Sánchez Barbudo, Gaya, Val del Omar, Fernández Mazas e Antonio Ramos. É interesante lembrar tamén o percorrido que seguiron desde Xinzo: Allariz, Maside, Carballiño, Lalín, Silleda, A Estrada, Rianxo, Boiro, Noia, Muros, O Pindo, Corcubión, Fisterra, Malpica (onde se produce a primeiros de novembro a estrea do Teatro de Fantoques), Betanzos, Vilalba, Ribadeo, A Fonsagrada e O Barco.

⁸ As propostas de E.G. Craig en particular, ás que dedica unha obra teórica e metateatral sen parangón na produción dramática do momento (*Revelación y rebelión del teatro*, 1935), pero tamén as de Jouvet, Dullin, Baty, Stanislawski, Meierhold, Copeau, Appia e varios outros teóricos, escenógrafos e dramaturgos.

4. Mundos, textos

Fagamos balance neste punto dos destinos efectivos do viaxeiro Dieste antes de 1936, en particular dos concretados lonxe da Península. Díxose xa que case todos acabarían tendo algunha clase de reelaboración, por algunha vía, na súa produción textual, se ben, como sabemos, dunha maneira moi poucas veces explícita. No fundamental eses destinos foron os que de seguido se detallan.

En 1917 un Dieste moi novo cruza o Atlántico e instálase por uns meses no porto principal de México no Caribe, a cidade de Tampico. Alí moraba como comerciante o seu irmán Antonio. As razóns polas que sendo tan novo, só 18 anos, deixou a casa familiar non están claras, menos aínda se consideramos as circunstancias históricas do momento, coa revolución mexicana aínda activa, a soviética de outubro ás portas e en plena I Guerra Mundial. O motivo polo que regresou tan axiña, deténdose na Habana unhas semanas polos motivos sanitarios mencionados, tampouco. Todo podería deberse á súa relación co pai, quen por certo falecería ao pouco de reinstalarse o xove Dieste en Rianxo, se ben non poden desbotarse razóns de índole simplemente económica. Facer elucubracións a este respecto non é tan gratuítas nin secundario como de entrada poida parecer. De feito, un dos asuntos aos que Dieste regresa na súa obra, un dos problemas por el convertidos unha e outra vez en tema literario, é a relación paterno-filial. Neste campo xenérico entran por suposto numerosas vertentes: a liberdade, a autoridade, o afecto, a culpa, a discrepancia, a obediencia, o desprezo, a coacción, a identificación, a diferenciación... En Tampico foi onde o emigrante fugaz Rafael Dieste escribiu os primeiros textos literarios da súa autoría que se conservan. Ao parecer, a redacción daqueles contos veu motivada pola necesidade de financiar dalgún xeito a viaxe de volta. O mozo gañou un premio e en seguida mercaría a pasaxe de volta, con vontade de chegar á casa antes de que o pai, moi enfermo, morrese. Nun daqueles relatos mexicanos dialogados, o titulado «El mago encorvado», recuperado na edición das *Obras Completas* do autor (vol. I, pp. 387-391), está xa o xermolo do *Don Frontán* e están moitas das súas obsesións literarias en torno á idea da autoridade da figura paterna, a rebeldía do fillo, a incompreensión mutua.

De volta en Galiza, Dieste retomou os estudos de Maxisterio en Compostela, tratou de promover iniciativas en forma de revista literaria –case todas fanadas– e en 1921 comezou un servizo militar que tras as complicacións da guerra colonial no Rif derivou nunha permanencia de dous anos na fronte bélica norteafricana, primeiro na defensa de Melilla –sitiada tras o coñecido como *desastre* de Annual– e con posterioridade na posición de Dar Drius, na provincia de Nador, uns corenta km ao suroeste de Melilla. Segundo se sabe, foi o tempo no que cruzou as célebres cartas con Roxelio Pérez e

sobre todo cun Manuel Antonio que o instaba a desertar e mesmo a combatir o colonialismo español desde as trincheiras inimigas, as de Abd el-Krim. O certo é que Dar Drius era a fronte real de guerra, era a soidade e a vulnerabilidade dos *blocaos*, nas máis severas restricións climáticas e de fornecemento. Os meses pasados naquel lugar constituíron con seguridade unha experiencia que tivo que forxar un carácter, e isto malia probabelmente ser destinado alí despois dos sucesos máis sangüentos acontecidos no lugar, que remataron cunha incursión de venganza dirixida nada menos que polo entón comandante Franco e da que os lexionarios regresaron ao posto coas cabezas dunha ducia de rifeños como trofeo, práctica esta nada infrecuente na altura. Outro tanto podería dicirse a respecto da reclusión durante varias semanas, xa no inverno de 1939, no campo de concentración de Saint-Cyprien, con varios dos compañeiros do núcleo de *Hora de España* (Sánchez Barbudo, Serrano Plaja, Ramón Gaya e Gil-Albert) e de novo, como antes no Rif, con Xosé Otero Espasandín⁹.

Porén, ningunha destas vivencias se reflectiu en forma de texto. No testemuño dos amigos máis próximos naquel tempo, o carácter de Dieste era grave, alleo á queixa, nada propicio a aceptar conmisericordia polas penurias vividas na guerra. O que Dieste si escribiu en Drius foi algún relato destinado á revista manuscrita promovida por el mesmo, Brea Segade e Romero Suárez, *Charamuscas*, integramente redactada en galego e distribuída na posición aos soldados procedentes da terra (Brea Rey 1995). En *Charamuscas* publicou por exemplo a primeira versión dun conto de tanta melancolía como «O vello que quería ver o tren» (incorporado despois á edición orixinal de *Dos arquivos do trasno*), do cal resoaría sempre na obra ensaístico-filosófica do autor –por exemplo en *La paloma Equis*– unha frase que pasa pola mente do vello tras lograr satisfacer aquela teima súa de ver o tren antes de morrer. A frase en cuestión é «Había máis mundos que o seu».

A finais de outubro de 1923 Dieste regresa de África e comeza as colaboracións na prensa viguesa, cidade na que se instala por varios anos antes de voltar a Santiago brevemente. Até a partida para Londres, en febreiro de 1928, son numerosos e ben coñecidos os acontecementos relevantes da súa traxectoria literaria, intelectual e persoal. Por suposto, tamén da profesional, con etapas de aproximadamente un ano nos xornais *Galicia*, de Valentín Paz Andrade, e *El Pueblo Gallego*, dirixido entón por Portela Valladares, e uns meses como mestre nun colexio que dirixía Otero

⁹ A el se debe o libro *Cuentos que me contó Dieste*. Un deses relatos, «El incidente del barracón», é de particular interese para o que estamos a tratar. Refírese precisamente á vida cotiá en Dar Drius, onde non había nada «que recordase huellas de vida sedentaria» (Otero Espasandín 1984: 66).

Espasandín en Ribeira. As dúbidas sobre o futuro incrementábanse neste tempo, no que tamén intentou buscar traballo en Madrid como funcionario de Estatística e no que houbo momentos de retiro na casa familiar de Rianxo. Probabelmente, as maiores alegrías viñan da convivencia cos pintores do movemento renovador, de xeito especial co máis teórico de todos eles, Carlos Maside. Neste tempo non chegou a producirse nunca unha concordancia en profundidade cos programas político e cultural do nacionalismo, en particular cos asociados aos sectores de marca máis conservadora no ideolóxico, no confesional e no social. Isto resultou determinante, a carón doutros feitos, para a falta de continuidade da súa carreira literaria como escritor en lingua galega, que non sería verosímil argumentar como unha decisión tomada *en quente*, ao xeito doutras que se produciron e se producen aínda hoxe no campo literario galego. Máis ben, a decisión foi resultado dunha serie de acontecementos concatenados ao longo dos cinco anos anteriores á proclamación da República en 1931.

Un deses acontecementos foi a recuperación dun trato directo co seu irmán Eduardo, o vello amigo de Castelao que estudara Filosofía e Teoloxía na Universidade de Santiago e que se ausentara do país no ano 1911 para instalarse no Uruguai natal, onde se desempeñaría profesionalmente como xornalista, ensinante e tradutor antes de entrar na vida política como deputado nacional e diplomático. Eduardo Dieste, dezasete anos maior que Rafael, era desde 1927 cónsul xeral do Uruguai en Londres¹⁰. Na miña percepción persoal, el foi xunto con Carlos Maside e Carmen Muñoz unha das persoas que máis influíron en Rafael Dieste durante a etapa da que aquí nos ocupamos, a anterior á Guerra Civil. Durante o medio ano escaso de convivencia londinense, cabe conxectar que o irmán maior, cunha posición consolidada e a posibilidade de dedicar tempo a escribir ficcións e interesantes tratados sobre estética e teoría literaria, falaría reiteradas veces co máis novo, xa próximo á trintena, sobre a conveniencia de consolidar en Madrid unha profesión como dramaturgo, traballando mesmo para o cinema, algo isto último polo que Eduardo Dieste sentía unha enorme atracción¹¹. Suposicións á marxe, o certo é que cando regresa de Londres pode dicirse que o

¹⁰ Ao longo dos seus servizos consulares ocuparía outros destinos (Bilbao, Cádiz, Madrid, San Francisco, Nova York e Santiago de Chile) que nalgúns casos favoreceron novos encontros co irmán menor, algúns de moita relevancia polos resultados da colaboración mantida. O 18 de xullo de 1936 Eduardo Dieste ocupábase do Consulado de Madrid, funcións ás que renunciou tras a ruptura de relacións diplomáticas do goberno uruguaio coa República Española.

¹¹ En 1938, sobre un relato previo de Eduardo Dieste e incorporado ao seu libro *Teseo: Los problemas literarios* (Montevideo: Reuniones de Estudio), Rafael Dieste publicou o guión cinematográfico «Promesa del viejo y de la doncella. Comedia para el cine en tres actos». Existe unha edición recente que recupera este guión e tres máis moi esquemáticos, talvez da mesma época (Eduardo e Rafael Dieste 1995).

Rafael Dieste escritor en lingua galega ten a súa traxectoria cumprida. Houbo, segundo se sabe, un intento de testar a posibilidade de desenvolver un novo tipo de discurso dramático e de concepción escénica en galego antes de chegar á Península. Durante o verán daquel ano 1928, Dieste escribiu un primeiro *Don Frontán* nesta lingua¹², pero o resultado non o satisfizo e acabou por guindar o manuscrito ao Sena.

Referencias bibliográficas

Albuquerque García, L. (2011): «El ‘relato de viajes’: hitos y formas en la evolución del género», *Revista de Literatura* 145, 15-34.

Brea Rey, X. R. (1995): «*Charamuscas*, a revista de Rafael Dieste na guerra de África», *Boletín Galego de Literatura* 13, 39-50.

Carr, H. (2002): «Modernism and Travel (1880-1940)», en Hulme, P. / Youngs, T. (eds.), *The Cambridge Companion to Travel Writing*, 70-86 (Cambridge: Cambridge U.P.).

Casas, A. (1995): «Traxedia e farsa en *Don Frontán*», *Revista Galega de Teatro* 11, 27-40.

Dieste, E. / Dieste, R. (1995): *Promesa del viejo y de la doncella. Comedia para el cine en tres actos*; edición de A. Estévez (A Coruña: Centro Galego de Artes da Imaxe).

Dieste, R. (1926): *Dos arquivos do trasno. Contos do monte e do mar* (Vigo: El Pueblo Gallego).

Dieste, R. (1927): *A fiestra valdeira. Comedia de remate ledo en tres lances, o derradeiro cun respiro* (Santiago de Compostela: Tipografía El Eco).

Dieste, R. (1930): *Viaje y fin de Don Frontán. Farsa trágica* (Santiago de Compostela: Niké).

Dieste, R. (1933): *Rojo farol amante. Versos* (Madrid: Juan Pueyo Editor).

¹² Debe lembrarse que a versión en castelán desta peza, escrita ano e medio despois en Rianxo, non é exactamente a que hoxe se coñece e se representa. A versión do ano 1930 é unha farsa trágica con características moi diverxentes das que pasarían a ser definitivas tras a reescritura como traxedia quince anos despois, xa na Arxentina (Casas 1995).

Dieste, R. (1935): «Revelación y rebelión del teatro. Misterio polemístico en una jornada», *P.A.N.* 7, 153-163.

Dieste, R. (1936): *La vieja piel del mundo. Sobre el origen de la tragedia y la figura de la historia* (Madrid: Signo).

Dieste, R. (1943): *Historias e invenciones de Félix Muriel* (Buenos Aires: Nova).

Dieste, R. (1945): *Viaje, duelo y perdición –tragedia, humorada y comedia–* (Buenos Aires: Atlántida).

Dieste, R. (1967): *¿Qué es un axioma? Movilidad y semejanza* (Vigo: Teseo).

Dieste, R. (1975): *Testamento geométrico* (A Coruña: Ediciones del Castro).

Dieste, R. (1981): *Ante a terra e o ceo. Prosas de mocidade 1925-1927* (Sada: Edición do Castro).

Dieste, R. (1985): *La Isla. Tablas de un naufragio*. «Prólogo» de C. Gurméndez e «Dos cartas incompletas» de C. (Barcelona: Anthropos).

Dieste, R. (1995): *Obras Completas*. Vol. I: *Narrativa e poesía*; edición de A. Casas e D. Villanueva. Vol. V: *Epistolario*; edición de X. L. Axeitos (Sada: Edición do Castro).

Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2006): «A literatura de viaxes nos contextos de emerxencia literaria: o caso galego», en Salinas Portugal, F. / Tavares Maleval, M.A. (eds.), *Estudos Galego-Brasileiros 2*, 365-387 (A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña).

Madelénat, D. (2005): «Biographie et mythe», en Chauvin, D. / Siganos, A. / Walter Ph. (dirs.), *Questions de Mythocritique. Dictionnaire*, 51-58 (París: Inago).

Meier, A. (2007): «Travel Writing», en Beller, M. / Leerssen, J. (eds.), *Imagology: The Cultural Construction and Literary Representation of National Characters. A Critical Survey*, 446-450 (Amsterdam: Rodopi).

Otero Espasandín, J. (1984): *Cuentos que me contou Dieste* (Sada: Edición do Castro).

Rei Núñez, L. (1987): *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste* (Sada: Edición do Castro).